

51<sup>a</sup> FESTA DO



ARZÚA

27-28 FEBREIRO e 1 MARZO 2026

## PUNTO VIOLETA

**Sábado, 28 de febreiro de 21:00 a 02:30 h**

Os concertos da Festa do Queixo contarán cun Punto Violeta, un espazo seguro adicado á prevención e atención ante agresións sexistas e LGBTIfóbicas. Neste punto ofreceranse xogos, agasallos e, sobre todo, traballaremos para garantir unha Festa do Queixo libre de violencia machista. Trátase dun espazo pensado para apoiar a mulleres e persoas da comunidade LGBTIQ+ que poidan verse nunha situación de acoso ou agresión durante os concertos.



## ESPAZO CONCILIA

**Sábado de 11:00 a 14:30 h e de 16:30 a 20:30 h**

**Domingo de 10:00 a 14:30 h e de 16:30 a 18:30 h**

A Festa do Queixo habilitará un Espazo Concilia con actividades de ocio para nenas e nenos, dispoñíbel para as familias asistentes á festa.



## INFORMACIÓN DE INTERESE

### CENTRO DE SAÚDE

Pai Pardo s/n  
981 501 322

### POLICÍA MUNICIPAL

Rúa Santiago, 2  
618 881 487  
981 815 298

### FARMACIA DA ROTONDA

Curiscada, 1  
633 045 599

### FARMACIA NO CAMIÑO

Xosé Neira Vilas, 2  
981 500 006

### FARMACIA ALICIA MOSQUERA VALDIVIELSO

Ramón Franco, 31  
981 501 371

### FARMACIA MANUEL SAAVEDRA ROBLEDÓ

Pai Pardo, 34  
981 500 041

### TAXIS

Provisional na  
Rúa de Santiago

### BOMBEIROS

Niedereschach, s/n  
981 500 836

## SAÚDO DO ALCALDE

Queridas veciñas e veciños,  
visitantes e amantes do queixo  
de Arzúa:

Celebramos este ano a  
**51.ª edición da Festa do  
Queixo**, unha **cita consolidada**  
que continúa poñendo en  
valor a nosa identidade, a nosa  
tradicción e un produto que  
é símbolo de Arzúa. Tras un  
aniversario histórico, seguimos  
**mirando ao futuro sen perder  
as raíces**, recoñecendo o  
traballo das queixeiras e  
queixeiros e de todas as  
persoas que fan posible esta  
festa ano tras ano.

Esta edición, que está  
**dedicada á emigración**,  
convidámosvos a achegarvos,  
degustar e gozar da música, da  
gastronomía e da convivencia,  
facendo de **Arzúa**, unha vez  
máis, **o lugar de encontro  
do mellor queixo  
e da mellor festa**.

**Queixeamos?**

**Viva a Festa do Queixo!**  
**Viva Arzúa!**



**Xoán Xesús Carril**  
Alcalde de Arzúa



Fai uso compartido do vehículo ou ben achégate ata a festa no transporte público.



Non deas voltas, usa os aparcadoiros sinalados que atoparás nos accesos á vila.



Os aseos do recinto feiral abren ata o remate dos concertos. Contan cun servizo de limpeza regular, mais as persoas usuarias debemos preservar o seu coidado. Igualmente, haberá WC portátiles no campo da feira (ver plano).



Tira o lixo nas papeleiras e colectores de lixo que hai no interior e no exterior do recinto feiral.

## SÁBADO, 21 DE FEBREIRO

### 17:30 h II CARREIRA TERRA DO QUEIXO

📍 Etapa Melide—Arzúa. 13,3 km

O percorrido discorrerá polo Camiño Francés, desde a Igrexa de Santa María, no Concello de Melide, ata a Capela da Madanela, no Concello de Arzúa.

Inscrición: 981 291 683  
info@carreirasgalegas.com



## MARTES, 24 DE FEBREIRO

### 12:00 h CATA COMENTADA A CARGO DA DOP ARZÚA-ULLOA

📍 EFA Piñeiral. Inscricións no 981500580 ou en pineiral@pineiral.es ata completar capacidade.

## MÉRCORES, 25 DE FEBREIRO

### 10:00 h MASTERCLASS “UN QUEIXO CON MOITO CARÁCTER”

📍 **EFA Piñeiral.** A cargo do chef Andrés Torreiro.

Inscripcións no 981500580 ou en [pineiral@pineiral.es](mailto:pineiral@pineiral.es) ata completar capacidade.

### CATA COMENTADA NOS CENTROS EDUCATIVOS

A cargo do CRDOP Arzúa-Ulloa.

## VENRES, 27 DE FEBREIRO

### 18:30 h CONCERTO PEQUEQUEIXO “K’PAPAROTA - LATEXOS”

📍 **Capela da Madanela.** Público familiar.

Un espectáculo en clave de humor que, a través de obxectos de mesa e monicreques, nos convida a mergullarnos na maxia das lendas galegas. Xentís, pitiños de ouro, vigas soterradas e cabalos capaces de dar saltos maravillosos acompañannos nesta viaxe chea de fantasía e retranca. Seremos quen de atopar os pitiños de ouro sen perder o rumbo polo camiño?



### 18:00 h 18.º CONCURSO DE TAPAS E PETISCOS “FESTA DO QUEIXO”

Degustación das elaboracións con queixo da DOP Arzúa- Ulloa polos diferentes locais da hostalaría de Arzúa.

Organiza: CRDOP Arzúa-Ulloa.



## SÁBADO, 28 DE FEBREIRO

11:00 h APERTURA DE PORTAS DO RECINTO FEIRAL TERRA DO QUEIXO

11:30 ANIMACIÓN DE RÚA CON TRÓPICO DE GRELOS  
a 13:30 h

12:00 h INAUGURACIÓN DA 51.ª FESTA DO QUEIXO



Presentación a cargo de:  
**Lidia e Xan Veiga**

Entrega de premios do concurso de tapas  
Homenaxe ás persoas migradas

**PREGÓN: FEDERICO PÉREZ REY**

Naceu en Alemaña en 1976, pero ser é de Mazaricos. Fixo estudos de Filoloxía Galega na USC e traballou como asesor lingüístico en series e películas. Tamén lle deu algo aos guións de series de televisión, pero, sobre todo, leva tempo dedicándose á interpretación: no teatro (*O florido pénsil*, *A leituga*, *O montacargas*, *Memorias dun neno labrego*), no cine (*Cuñados*, *Encallados*, *As bestas*, etc) e en series de televisión (*Era Visto*, *Padre Casares*, etc). E encántalle o queixo de Arzúa!



12:45 h SHOWCOOKING CO CHEF DIEGO MATO. CON DEGUSTACIÓN

📍 Recinto feiral, 1.ª andar | Prazas limitadas. Inscripción e + info páxina 15

13:45 h EXPERIENCIAS CON CERVEXAS 1906. CHARLA-CATA:  
"MESMO QUEIXO, DIFERENTE EVOLUCIÓN"

📍 Recinto feiral, 1.ª andar | Prazas limitadas. Inscripción e + info páxina 16

14:30 h EXPERIENCIAS CON CERVEXAS 1906.  
MARIDAXE DE QUEIXOS E CERVEXAS 1906

📍 Recinto feiral, 1.ª andar | Prazas limitadas. Inscripción e + info páxina 16

**16:00 h CHARLA-CATA RUTA EUROPEA DO QUEIXO:  
"A ARTE DE COMER QUEIXO"**

📍 **Recinto feiral, 1.º andar** | Prazas limitadas. Inscripción e + info páxina 17

**17:00 DUENDENTA**

a 20:00 h 📍 **Praza de Galiza.** Festa e música.

**17:00 h SHOWCOOKING CO CHEF DIEGO MATO. CON DEGUSTACIÓN**

📍 **Recinto feiral, 1.º andar** | Prazas limitadas. Inscripción e + info páxina 15

**18:00 h EXPERIENCIAS CON CERVEXAS 1906. CHARLA-CATA:  
"MESMO QUEIXO, DIFERENTE EVOLUCIÓN"**

📍 **Recinto feiral, 1.º andar** | Prazas limitadas. Inscripción e + info páxina 16

**18:30 h CONCERTO PEQUEQUEIXO "PELICA DE BURRA"**

📍 **Capela da Madanela.** Público familiar

Ano 2735. Tras unha viaxe no tempo, Pelica de Burra chega a un futuro sen xogos, contos nin música, un mundo sen diversión. Decidida a cambialo, regresa ao pasado na procura das palabras perdidas, guiada por un retrouso que marcará o camiño. Pelica de Burra é un espectáculo-obradoiro de narración oral e música para a primeira infancia, da man de Vero Rilo e do músico Luís Iglesias, que combina tradición, xogos de colo, arrollos, igualdade e moito conto.



**19:00 h EXPERIENCIAS CON CERVEXAS 1906.  
MARIDAXE DE QUEIXOS E CERVEXAS 1906**

📍 **Recinto feiral, 1.º andar** | Prazas limitadas. Inscripción e + info páxina 16

**19:00 ANIMACIÓN DE RÚA COA FAMILIA BOCAPRIER**

a 20:00 h 📍 **Recinto feiral e rúas variadas**

**20:00 h SHOWCOOKING CO CHEF DIEGO MATO. CON DEGUSTACIÓN**

📍 **Recinto feiral, 1.º andar** | Prazas limitadas. Inscripción e + info páxina 15

# INICIO DOS CONCERTOS

RECINTO ABERTO, ACTUACIÓNS MUSICAIS BAIXO CARPA E  
ACCESO DE BALDE A TODOS OS CONCERTOS E ACTIVIDADES



20:30 h

## DOGO (GAÑADOR QUEIXO MAQUETÓN)

Dogo é un trío de Santiago de Compostela formado en 2023 que mestura shoegaze, post-punk e indie cun son intenso e atmosférico. O seu proxecto destaca por melodías envolventes, distorsións poderosas e letras evocadoras cantadas en galego. Está integrado por Carlos Beiro, Xoan Escudero e Ángel Refojo. Veñen de gravar o seu primeiro EP, *Brutalismo*, nos Estudios Mans da Coruña tras gañar o concurso Sonidos Mans Salas. No directo, Dogo presenta unha proposta sólida, escura e de forte impacto emocional.



21:15 h

## DULZARO

Dulzaro, unha das grandes revelacións da música tradicional de Castela e León, reinventa o folclore cunha fusión vibrante de raíz e vangarda. Na súa proposta conviven xotas, charros ou corridos con electrónica, mesturando instrumentos tradicionais e sintetizadores nunha experiencia pensada para o baile. En marzo de 2025 publica *ÍCARO*, o seu primeiro disco, con colaboracións destacadas e tras máis de 150 concertos previos. A xira ÍCARO presenta un directo potente que conecta pasado e futuro desde o folclore.



22:25 h

## DORIAN

Banda de Barcelona que combina new wave, electrónica e indie rock. Activa desde mediados dos anos 2000, desenvolveu a súa carreira entre España e América Latina, con xiras internacionais e presenza en grandes festivais. Conta con oito discos de estudo e varios directos, acadando postos destacados nas listas oficiais. En 2024 publicou *Futuros imposibles*.



00:10 h

## DAKIDARRÍA

Grupo galego nacido no Val Miñor que mestura ska, reggae, punk e rock cun marcado carácter reivindicativo. Activo desde 2003, destaca polas súas letras en galego e o seu forte compromiso social. Conta con numerosos discos e unha ampla traxectoria en festivais e concertos por toda Galiza e fóra dela.



01:55 h

## COOL NENAS

Cool Nenas é un grupo formado por tres mulleres: Dani Costas, María Grep e Kimberley Tell. A súa proposta musical combina pop, electrónica e actitude urbana, cunha posta en escena fresca e directa. As súas letras apostan pola diversidade e a liberdade creativa, conectando cun público novo e consolidándose como unha das propostas emerxentes do panorama estatal.







s  
ixo"

a 1  
cado Deputación da Coruña  
paisaxe que sabe


A Coruña  
69 Km

Lugo 63 Km  
Santiago 40 Km

# 51 festa do QUEIXO 2026arzua®



Zona 3A  
Feira de  
Artesanía



Zona 3B  
Feira de  
Artesanía

Zona 4A  
Feira  
Multisectorial



Carpa Comida  
/ Foodtrucks



Subida 1º andar



Baixada 1º andar



Saída / Entrada



Barra



Ludoteca



Sala de  
descanso para  
expositores



Persoas con  
mobilidade  
reducida



Caseta  
venta tickets



Punto Violeta



1º andar  
Stands gourmet



1º andar  
Espazo gastro Deputación da Coruña -  
A paisaxe que sabe. / Showcookings /  
Charlas maridaxe 1906 / Obradoiros



Carpa de  
Concertos



Área de Negocio  
Queixería  
Barral



Aseos

## DOMINGO, 1 DE MARZO

10:00 h **APERTURA PORTAS DO RECINTO FEIRAL TERRA DO QUEIXO**10:00 h **6.º TORNEO DE XADREZ CHESS & CHEESE ARZÚA**

📍 Local social de Santa María (a carón do parque de bombeiros)

Torneo aberto a todas e todos os xogadores,  
válido para Elo fide de blitz.

Inscricións: 617 234 393 ou en [torneos@galichess.com](mailto:torneos@galichess.com)  
ata o sábado 28 de febreiro ou ata completar capacidade de  
100 participantes. Xeral 5€, locais 3€. + info: [www.galichess.com](http://www.galichess.com)

11:00 h **OBRADOIRO DE CATA: "SIMULACIÓN DUN CONCURSO DE QUEIXOS"**

📍 Recinto feiral, 1.º andar | Prazas limitadas. Inscripción e + info páxina 17

11:00 a 14:00 h **ANIMACIÓN DE RÚA: PANDEIRETEIRAS DE MONTEFURADO**

📍 Recinto Feiral, praza de Galiza e rúas variadas

12:00 h **CONCERTO PEQUEQUEIXO "CHARLATÁN RODRÍGUEZ"**

📍 Capela da Madanela. Público familiar



Un charlatán chega á vila coa lingua afiada, instrumentos afinados e un posto cheo de falsos remedios. Coa retransa de quen percorreu todos os camiños, ofrece solucións inútiles para problemas inexistentes, melodías inventadas e contos de impostor, sabendo sempre o que o público quere escoitar. Dirixido por Fran Rei, Félix Rodríguez mestura música, comedia, maxia e participación nun espectáculo para todos os públicos, onde o humor, o ritmo e a empatía converten a farsa nun xogo compartido.

12:00 a 14:00 h **ANIMACIÓN DE RÚA: MEKÁNICA ROLLING BAND**

📍 Recinto Feiral, praza de Galiza e rúas variadas

12:00 h **EXPERIENCIAS CON CERVEXAS 1906.  
MARIDAXE DE QUEIXOS E CERVEXAS 1906**

📍 Recinto feiral, 1.º andar | Prazas limitadas. Inscripción e + info páxina 16

- 13:00 h EXPERIENCIAS CON CERVEXAS 1906.**  
**MARIDAXE DE QUEIXOS E CERVEXAS 1906**  
 📍 Recinto feiral, 1.º andar | Prazas limitadas. Inscripción e + info páxina 16
- 14:00 h SHOWCOOKING CO CHEF IVÁN DOMÍNGUEZ. CON DEGUSTACIÓN**  
 📍 Recinto feiral, 1.º andar | Prazas limitadas. Inscripción e + info páxina 15
- 15:00 h SHOWCOOKING CO CHEF IVÁN DOMÍNGUEZ. CON DEGUSTACIÓN**  
 📍 Recinto feiral, 1.º andar | Prazas limitadas. Inscripción e + info páxina 15
- 16:00 h CATA MARIDADA DE QUEIXO E SAKE:**  
**"QUEIXO X SAKE, UNHA MARIDAXE INSEPARABLE"**  
 📍 Recinto feiral, 1.º andar | Prazas limitadas. Inscripción e + info páxina 17
- 17:00 h SHOWCOOKING CO CHEF IVÁN DOMÍNGUEZ. CON DEGUSTACIÓN**  
 📍 Recinto feiral, 1.º andar | Prazas limitadas. Inscripción e + info páxina 15

## INICIO DOS CONCERTOS

RECINTO ABERTO. ACTUACIÓN MUSICAIS BAIXO CARPA E  
 ACCESO DE BALDE A TODOS OS CONCERTOS E ACTIVIDADES

12:30 h (sesión vermú)

### MJ PÉREZ

MJ Pérez presenta en directo *Je tiens bon*, o seu quinto álbum de estudo, nun concerto que reflicte unha etapa de maior madurez artística e liberdade creativa. Será un concerto exclusivo de presentación no que contará con algunhas colaboracións presentes no disco coma Nastasia Zürcher ou Sofía Espiñeira. Acompañada por unha banda formada por Ailén Kendelman na percusión, Alberto Romero á guitarra e Iván Bernárdez ao baixo, a artista propón un directo próximo, coidado e centrado na música e na palabra.





18:00 h

## IALMA

IALMA celebra o seu 25º aniversario e reivindica co seu novo espectáculo a todas as mulleres e homes que, en calquera lugar do planeta, tiveron que desarraigá-la súa vida para escapar da ditadura. Moito máis que un espectáculo, HOMENAXE é un un berro vital que clama pola urxencia de rexeitar calquera forma de totalitarismo, en tempos de cólera para as democracias a nivel mundial, que pretende verter algo de luz ante a desmemoria.



19:15 h

## BUDIÑO

Un dos artistas galegos máis recoñecidos da música folk contemporánea. Iniciou a súa traxectoria nos anos noventa, destacando pola renovación da gaita galega mediante a fusión coa música electrónica, o jazz e sonoridades do mundo. O seu disco *Paralaia* (1997) marcou un punto de inflexión no folk galego. Ao longo da súa carreira publicou numerosos traballos e actuou en escenarios internacionais, converténdose nun referente da música galega moderna e nun embaixador cultural de Galicia.

# PROGRAMACIÓN E INFORMACIÓN ACTIVIDADES GASTRONÓMICAS NO 1.º ANDAR DO RECINTO FEIRAL

## SHOWCOOKINGS ESPAAO GASTRO DEPUTACIÓN DA CORUÑA - A PAISAXE QUE SABE



*A paisaxe  
que sabe*  
naturismofeiral.org

📍 Recinto feiral, 1º andar. Espazo gastro Deputación da Coruña - A paisaxe que sabe

Prazas limitadas. Inscripción de balde en [info@festadoqueixo.org](mailto:info@festadoqueixo.org) ata completar capacidade ou na propia actividade (prazas restantes).

### SHOWCOOKING CO CHEF DIEGO MATO. Con degustación

SÁBADO, 28 de FEBREIRO  
12:45, 17:00 e 20:00 h



- Taco de steak tartar de tenreira galega con emulsión de queixo de Arzúa.
- Milfollas de pataca e queixo de Arzúa con polbo á prancha e crocante de Galmesán.

### SHOWCOOKING CO CHEF IVÁN DOMÍNGUEZ. Con degustación

DOMINGO, 1 de MARZO  
14:00, 15:00 e 17:00 h



- Mexillóns de Lorbé guisados estilo tigre con queixo Arzúa-Ulloa e chourizo ceboleiro.
- Falso risotto de trigo con Arzúa-Ulloa curado, sardiña afumada e encurtidos.

## EXPERIENCIAS CON CERVEXAS 1906



📍 **Recinto feiral, 1º andar. Espazo gastro Deputación da Coruña – A paisaxe que sabe**  
Prazas limitadas. Inscripción de balde en [info@festadoqueixo.org](mailto:info@festadoqueixo.org)  
ata completar capacidade ou na propia actividade (prazas restantes).

### CHARLA-CATA: MESMO QUEIXO, DIFERENTE EVOLUCIÓN

**SÁBADO, 28 de FEBREIRO. 13:45 e 18:00 h**



O afinado de queixos bríndanos a posibilidade de atopar diferentes expresións de sabor a partir dun mesmo queixo. A cargo de **José Luis Martín, mestre queixeiro** e afinador de queixo. No seu proxecto Qava selecciona queixos de queixerías de toda España e en ocasións, fainos evolucionar ofrecendo novos sabores.

### MARIDAXE DE QUEIXOS E CERVEXAS 1906

**SÁBADO, 28 de FEBREIRO. 14:30 e 19:00 h**  
**DOMINGO, 1 de MARZO. 12:00 e 13:00 h**



Exploraremos as posibilidades de maridaxe con queixos que achegan as 4 cervexas da familia 1906. A cargo de **José Luis Martín**, mestre queixeiro, afinador de queixo, e director de Gourmet Queixos, o concurso dos mellores queixos de España. E **Carlos Ávila**, técnico de cultura de cervexa de Hijos de Rivera.



## ACTIVIDADES GASTRO ASOCIACIÓN RUTA EUROPEA DO QUEIXO



📍 **Recinto feiral, 1º andar. Espazo gastro Deputación da Coruña – A paisaxe que sabe**

Prazas limitadas. Inscripción de balde en [info@festadoqueixo.org](mailto:info@festadoqueixo.org) ata completar capacidade ou na propia actividade (prazas restantes).

### CHARLA-CATA: “A ARTE DE COMER QUEIXO”

**SÁBADO, 28 de FEBREIRO. 16:00 h**

Desenvólvense contidos como compra, conservación, corte... e de maneira práctica, elabórase a modo de obradoiro unha táboa de queixos.

Impartida por Javier Sánchez, secretario AREQ.



### OBRADOIRO DE CATA: “SIMULACIÓN DUN CONCURSO DE QUEIXOS”

**DOMINGO, 1 de MARZO. 11:00 h**

Goza do queixo nesta simulación dun concurso. Descubrirás todas as claves para valorar un queixo.

Impartida por Javier Sánchez, secretario AREQ.

### CATA MARIDADA DE QUEIXO E SAKE: “QUEIXO X SAKE, UNHA MARIDAXE INSEPARABLE”

**DOMINGO, 1 de MARZO. 16:00 h**

Impartida por Javier Sánchez, secretario AREQ.

**SAKE x QUESO**  
UN MARIDAJE INSEPARABLE





## MERCADO DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA – A PAISAXE QUE SABE

Stands de artesanía e artesanía alimentaria

📍 Rúa Padre Pardo

SÁBADO, 28 de FEBREIRO de 10:00 a 02:30 h

DOMINGO, 1 de MARZO de 09:00 a 20:30 h



*A paisaxe  
que sabe*  
artesanía de coruña

## ASOCIACIÓN RUTA EUROPEA DO QUEIXO



EUROPEAN  
CHEESE ROUTE

📍 Stand Ruta Europea do Queixo  
(Recinto feiral Terra do Queixo, zona P)  
DURANTE TODA A FEIRA

### CATA INTERACTIVA “DESAFÍO QUEIXEIRO”

Cata para o descubrimento dos queixos e dos seus territorios con diversas dinámicas a modo de xincana. Van pasando grupos durante todo o horario de apertura do stand, e a súa duración é variable en función do grupo. Tempo medio: 30 minutos.

### PUNTO DE INFORMACIÓN SOBRE OS DESTINOS QUEIXEIROS

(municipios socios AREQ)

## ACTIVIDADES BICO DE XEADO



BICO  
de xeadó

Bico de Xeado realizará durante este curso escolar actividades para os cativos dos centros educativos de Arzúa.

Tratase de acercar aos máis pequenos o proceso da fabricación de xeadó artesanal 100% galego e con leite das súas propias granxas.



## ACTIVIDADES EFA PIÑEIRAL



### CATA COMENTADA A CARGO DA DOP ARZÚA-ULLOA

📍 EFA Piñeiral. MARTES 24 ás 12.00 h

Inscripcións no 981.500.580  
ou en [pineiral@pineiral.es](mailto:pineiral@pineiral.es)  
ata completar capacidade.



### MASTERCLASS "UN QUEIXO CON MOITO CARÁCTER" A CARGO DO CHEF ANDRÉS TORREIRO

📍 EFA Piñeiral. MÉRCORES 25 de FEBREIRO de 10 a 12 h

Inscripcións no 981.500.580 ou en [pineiral@pineiral.es](mailto:pineiral@pineiral.es) ata completar capacidade.

### ACTIVIDADES PARA AS CRIANZAS DE SENSIBILIZACIÓN SOBRE O QUEIXO.

Imparte: Alumnado do ciclo de Educación Infantil da EFA Piñeiral nos centros educativos do concello. Galiña Azul Arzúa, NS de Atocha e CEIP Arzúa. Confirmada realización de actividades en Galiña Azul (3 aulas) e Atocha (3 aulas). Mércores 25 ás 10.30 no CEIP e Xoves 26 de febreiro ás 10.30 h (actividade liderada polo alumnado de 1º curso do ciclo de Educación Infantil da EFA Piñeiral)

### PRESENZA CON STAND PROPIO NO RECINTO FEIRAL

No que se amosarán elaboracións ademais da realización de accións de dinamización e DEMOS no propio STAND.

**HORARIOS DAS DEMOS: SÁBADO 28 FEBREIRO ás 12 e ás 17 h. DOMINGO 1 de MARZO ás 12 h**

### EXPOSICIÓN DA RÉPLICA DOCE DO CARTEL ANUNCIADOR DA FESTA DO QUEIXO

📍 Stand do centro e stand da organización

+ INFO EN:  
FESTADOQUEIXO.ORG



#QUEIXAMOS?



ORGANIZA:



Concello de Arzúa



COFINANCIADO POR:



A paisaxe  
que sabe  
turismadecoruña.gal



XUNTA  
DE GALICIA

galicia

//ABANCA

PATROCINADORES QUEIXAZOS:



PATROCINADORES QUEIXOS:



PATROCINADORES QUEIXIÑOS:

